

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2024028041
ASUNTO	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTION, DESENVOLVEMENTO E EXECUCION DO PROGRAMA "LECER EN FAMILIA"
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Deputada Delegada de Igualdade e Benestar Social, de conformidade có establecido nas Resolucións Presidenciais número 2024002173 e 2024002205 de 15 de marzo de 2024 sobre delegación de atribucións do presidente, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

1º. Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionan asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.



Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establé que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúaleis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

2º - A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

A Convención sobre os dereitos do neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na Resolución 44/25, do 20 de novembro de 1989, reivindica tamén a necesidade de protexer e ofrecer a asistencia necesaria á familia para que esta poida asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade, en tanto en canto considérase á mesma como o grupo fundamental da sociedade e medio natural para o crecemento e benestar de todos os seus membros, en especial dos máis vulnerables como os nenos e nenas.

É sobre estas premisas e sobre o mandato dos artigos 16.3 da Declaración universal dos dereitos humanos, 39 da Constitución española e 33 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, que garante a protección social, económica e xurídica da familia, sobre os que se asenta a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este programa que recolle o espírito e os obxectivos de dita Lei, e promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Neste senso a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca a primeira edición dun programa para familias empadroadas na provincia de Pontevedra, entendendo a familia como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais, e crear tempo de calidade, no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

- INSUFICIENCIA DE MEDIOS.



A execución do programa require de dotación de persoal especializado (animación sociocultural), planificación das saídas, etc., e esta institución carece de medios humanos para acometela, non dispoñendo de perfís profesionais adecuados.

É dicir, as características dos traballos para levar a cabo o obxecto do contrato que require dos medios materiais e humanos, descritos no Prego de Prescricións Técnicas (PPT) xustifica necesidade de contratación dunha empresa externa especializada no sector para a xestión e desenvolvemento do mesmo.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

		BENESTAR SOCIAL
Responsable contrato:	do	Xefa do servizo ou persoa en quen delegue
Responsable Administración:	da	Xefa do servizo ou persoa en quen delegue

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

Denominación contrato:	do	XESTION, DESENVOLVEMENTO E EXECUCION DO PROGRAMA "LECER EN FAMILIA 2024"
Obxecto e contido:		<p>O programa LECER EN FAMILIA 2024, caracterízase por ofrecer unha estancia de fins de semana, nun establecemento hoteleiro (balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares) da provincia de Pontevedra, con aloxamento dunha noite (venres ou sábado) en réxime de media pensión.</p> <p>A estada incluírá a utilización do spa, balneario, talaso un mínimo de dúas horas ao día e actividades con animación sociocultural infantil.</p> <p>A entrada nos establecementos será o venres pola tarde con saída o</p>



	<p>sábado ao mediodía, ou entrada o sábado pola tarde e a saída o domingo mediodía.</p> <p>As persoas beneficiarias poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga, se ben a asignación de prazas estará suxeita á dispoñibilidade destes. Así mesmo, no formulario de solicitude deberán sinalar un máximo de tres datas de preferencia para realizar a estancia que non serán vinculantes e estarán suxeitas á dispoñibilidade nos establecementos.</p> <p>O ámbito temporal do programa será nos meses de temporada baixa, a partir do 15 de setembro e ata o 15 de decembro de 2024.</p>	
CPV:	<p>CPV 63500000-4 Servizos de axencias de viaxes, operadores turísticos e asistencia ao turista.</p> <p>CPV 9200000-1 Servizos de esparcemento, culturais e deportivos</p>	
Lotes	NON	<p>Dita contratación debe licitarse nun único lote, xa que a propia natureza do obxecto do contrato implica a necesidade de coordinar a execución das diversas prestacións que o inclúen.</p> <p>Estas prestacións poderían verse imposibilitadas coa súa división a executar por unha pluralidade de contratistas diferentes, que dificultarían notablemente a súa coordinación e desenrolo.</p>

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

Tramitación proposta:	ORDINARIA
Tramitación anticipada:	NON
Incluído no plan anual de contratación:	NON



5. FINANCIACIÓN*:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/231.2311.227.07	178.878,50 €

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:

Prazo de execución/duración do contrato:	O prazo de duración do programa prevese desde o 1 de agosto ao 31 de decembro de 2024. Non obstante, o prazo estimado de execución, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, será a partir do mes de setembro de 2024, e nos meses de temporada baixa, polo que a estimación será de 4 meses. Previsións que dependerán da data de adxudicación.
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	SI Número de prórrogas: 1 Duración de cada prórroga: 1 ano

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 299.789,50 €, que se adecúa aos prezos do mercado, para un total de 2.350 prazas e desagrega conforme ao seguinte detalle



PROGRAMA LECER EN FAMILIA (2.350)	
COSTES DIRECTOS	BASE IMPONIBLE
Tarifa dos establecementos segundo prezos de mercado	94,83 €
Retribucións persoal	8,07 €
Material serigrafiado	8,22 €
Difusión	3,50 €
Subtotal costes directos	114,62 €
Costes Indirectos 5%	5,73 €
Beneficio Industrial (6%)	7,22 €
TOTAL UNITARIO POR PRAZA	127,57 €
TOTAL 2.350 PRAZAS	299.789,50 €

A estimación dos costes directos realizouse tendo en conta os prezos de mercado facilitados por diversos establecementos, para un máximo de 2.350 prazas.

O custo do material serigrafiado e da difusión estimouse a partir do prezo de mercado do expediente do programa para o ano 2023:

- 1 Gorro (4 euros) e 1 par de chanclas (4 euros) para cada persoa participante, supón 8 euros que co incremento do IPC serían 8,22 euros de material para o programa.
- O importe da difusión no 2023 foi de 8.000 euros que co incremento do IPC serían 8.224 euros. Polo que o custo para 2.350 prazas sería de 3,50 euros por praza.

Previuse de forma xeral uns costes indirectos do 5% e un beneficio industrial do 6%.

En relación aos custos de persoal esixido no prego:

A empresa deberá contar cun equipo mínimo de mínimo de:

- (1) unha persoa que exerza de coordinadora imputable o 100% da xornada



- (2) persoas técnicas de xestión para a execución do programa imputable ao 100% da xornada
- (1) animador/a sociocultural para as actividades que se realicen en cada establecemento. A xornada imputable ao servizo será do 100%.

Os Convenios Colectivos aplicables son:

- O Convenio colectivo laboral de ámbito estatal para o sector de axencias de viaxes 2023/2024 (BOE 210 de 2/09/2023).
- O III Convenio colectivo marco estatal do sector Ocio Educativo e Animación Sociocultural (Código Convenio 99100055012011), que foi subscrito con data 20 de xaneiro de 2021. (BOE 69 de 22/03/2021).

ESTIMACION REALIZADA

- A persoa coordinadora e o persoal de xestión adicaranse de 5 meses; contando con que o persoal da empresa comece a traballar na organización previa das saídas un mes antes da execución das mesmas que se prevé de setembro a decembro.
 - o A persoa coordinadora do programa encadrouse no subgrupo 2, nivel 6 (Axentes de viaxes e administración, que teñan consolidado dito nivel de progresión (6) no grupo laboral correspondente por antigüidade recoñecida no sector de axencias de viaxes).
 - o O persoal técnico de xestión, está encadrado no Subgrupo 2: Execución e/ou de execución /supervisión, no nivel 2, persoal que acredite unha formación profesional de grado medio e/ou unha antigüidade recoñecida no sector de axencias de viaxes de máis de 1 ano, polo que neste caso a experiencia e antigüidade supliría a titulación media requirida.
- O persoal de animación sociocultural terá unha dedicación de 3 meses para as actividades que se realicen en cada establecemento. Analizado o Convenio encádrase no Grupo III, e contará coa titulación de monitor/a de ocio e tempo libre.

En todos os casos respectarase a igualdade de xénero.



A desagregación do custo de persoal é o seguinte:

POSTO	COORDINADOR/A PROGRAMA	TÉCNICO/A DE XESTIÓN	ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL
Nº postos	1	2	1
<i>Duración (Meses)</i>	5	5	3
Salario base	4.107,75 €	3.221,07 €	2.189,82
Complemento festivos	-	-	731,92 €
Complemento transporte	-	-	-
Complemento nocturnidade	-	-	-
Complemento de dispoñibilidade	-	-	377,39 €
Subtotal	4.107,75 €	3.221,07 €	3.299,12 €
SS (33,1% 33,60%)	1.359,67 €	1.066,17 €	1.108,51 €
Subtotal	5.467,42 €	4.287,24 €	4.407,63 €
Vacacións	-	-	361,88 €
Indemnización cese	-	-	144,75 €
CUSTO TOTAL PROGRAMA	5.467,42 €	8.574,48 €	4.914,27 €

En base ao anterior, o custo de persoal por praza é o seguinte:

PERSOAL	Custo Programa	Custo por praza
Coordinador/a Programa	5.467,42 €	2,33 €
Técnico/a de Xestión (2)	8.574,48	3,65 €
Animador/a sociocultural	4.914,27 €	2,09 €
TOTAL	18.956,17 €	8,07 €



Tendo en conta todo o anterior, o orzamento de licitación que financia de Deputación Provincial é o seguinte:

FINANCIA A DEPUTACION DE PONTEVEDRA 2024	178.878,50 €
Nº PRAZAS	2.350

Os importes son os seguintes:

Nº prazas	Achega da Deputación	Achega total Deputación
2.300	75 euros	Máximo 172.500,00 €
50	100 %	Máximo 6.378,50 €
		178.878,50 €

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

8. RÉXIMEN DE PAGOS*:

O pago do prezo do contrato realizarase contra factura presentada, no rexistro da Deputación Provincial de Pontevedra, necesariamente nos 15 primeiros días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do Servizo de Benestar Social, acompañada da documentación exixida no PPT.

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

X Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
---	--



10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*:

Habilitación empresarial ou profesional específica	SI : A especificada no PCA
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	
A prevista no PCA	
SOLVENCIA TÉCNICA	
A especificada no PCA e no PPT	
COMPROMISO DE MEDIOS	
Os establecidos no PCA e no PPT	

11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterio:	Documento Anexo II ao PPT
Xustificación:	Documento Anexo II ao PPT

12. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto terase en conta, a parte do prezo, estes criterios que teñen transcendencia económica:

Unicamente terase en conta o prezo, xa que o resto de criterios non teñen peso económico relevante para as empresas do sector

13. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

Deberán seguir a estrutura marcada no PPT e PCA

Nos establecementos propostos a empresa deberá indicar ademais das características:

- A dispoñibilidade de prazos por semana



- A diagnose da accesibilidade, na que se especifiquen as barreiras arquitectónicas, accesibilidade ás zoas de baño, e calquera outra limitación que imposibilite a participación de persoas con discapacidade.

As actividades complementarias deberán ser detalladas incluíndo o nome e a descrición, os materiais así como o horario previsto de realización e perfil da persoa que a imparta tendo en conta que deberá ser animador/a de ocio e tempo libre ou equivalente.

Proposta de contido e materiais para a difusión.

Proposta do Plan de comunicación.

14. PENALIZACIÓNS:

Documento Anexo II ao PPT

15. OUTRAS CLAÚSULAS:

NON

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. – Que polas Resolucións Presidenciais número 2024002173 e 2024002205 de 15 de marzo de 2024, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas



Dispoño,

Primeiro.-Iniciar ou expediente para a contratación da xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

- Prego de prescricións técnicas
- Anexo I. Criterios de valoración
- Anexo II. Proposta de sancións
- Anexo III. Protocolos

Asinado electronicamente ao marxe.

